



Clasificación

Reino Animalia
Filum Arthropoda
Clase Malacostraca

Subclase Eumalacostraca
Orde Decapoda
Familia Palaemonidae

Descrición

Esta gamba, que pode chegar a alcanzar os 3 centímetros de lonxitude, presenta un corpo aplanado lateralmente. O seu rostro, ben desenvolvido e alto, está provisto de dentes tanto na súa parte superior como na inferior; na superior, os dentes comezan na metade do cacho. O segundo par de pereiópodos, distintivamente desiguais, ten un carpo curto, menos do dobre de longo que de ancho, e o dactilo é máis curto que o propodio. Os últimos catro segmentos abdominais son totalmente lisos. O telson ten tres espiñas. Cor totalmente transparente, con dúas bandas transversais rosáceas bordeadas en branco nos segmentos abdominais, a primeira cos extremos lixeiramente dobrados cara atrás, no segundo segmento, e a outra con forma en «V» apuntando ao telson, no cuarto segmento; manchas azuis nas patas e no telson e un punteado negro que se vai facendo máis compacto canto máis se achega ao rostro.



Hábitat e Bioloxía

Habita desde a liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, en zonas rochosas sobre leitos de algas. Asíciase normalmente con actinias e anémonas (de aí o seu nome común «gamba das anémonas»), en especial coa *Anemonia viridis*. Esta asociación parece ser parasítica dado que come os ápices dos tentáculos da anémona. As femias están ovíxeras en agosto.

Especies semellantes

Pódese confundir con dúas especies deste xénero: *Periclimenes amethysteus* (Risso, 1827 in [Risso, 1826-1827]) e *Periclimenes scriptus* (Risso, 1822); malia estas dúas especies seren endémicas do mar Mediterráneo.

Distribución

Desde as Illas Británicas ata as Illas Canarias. Ausente do Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *sagittifer*, é un epíteto latino que significa 'armado de frechas', posiblemente en referencia ao seu rostro cheo de espiñas.